

ABRIR UN ENCUENTRO CON MÓNICA RUNDE

FUNDACIÓN
LUIS SEOANE

24
SETEMBRO
19 - 21 H

PROXECTO
PROGRAMACIÓN
EXPANDIDA

TRC DANZA
2015

Foto Original: Colita Fotografía

ABRIR UN ENCUENTRO CON MÓNICA RUNDE é un encontro informal no que poderemos charlar, escoitar e reflexionar ao carón dunha das figuras clave da historia da danza a nivel nacional. Pasear pola traxectoria de Mónica Runde é facer, ao mesmo tempo, unha panorámica polos últimos 30 anos da danza contemporánea en España. Unha fantástica oportunidade para facer memoria e coñecer máis de cerca os intereses artísticos dunha creadora da talla e experiencia de Mónica Runde.

Mónica Runde, Premio Nacional de Danza (2000), é bailarina, coreógrafa e directora dunhas das formacións de danza máis consolidadas do territorio nacional, a compañía 10&10 Danza. Fundada no ano 1989 xunto a Pedro Berdäyes e conducida en solitario pola propia Mónica dende o ano 2005, máis de corenta creacións viron a luz gracias a ela.

Formada en ballet, danza contemporánea, solfeo, piano e artes plásticas en Madrid, ampliou os seus estudos en Francia (Centre International de Danse Rossella Hightower), en Canadá (York University de Toronto) e Inglaterra (London Contemporary School) de forma plural: dende o ballet ata a xestión e produción cultural, así como o piano ou arte dramático.

No ano 2004 é galardoada tamén co **Premio Nacional de Costa Rica**.

Esta práctica está **dirixida a tódalas persoas interesadas**.

É unha actividade gratuita, proposta dende o Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza, o programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



centro
coreográfico
galego

AGADIC



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



INSTITUTO NACIONAL
DE LAS ARTES ESCÉNICAS
Y DE LA MÚSICA